

AVISO FITOSANITARIO 1/2024
ZONA DEMARCADA FLAVESCENCIA DOURADA DA VIDE
TRATAMENTOS FITOSANITARIOS PARA *Scaphoideus titanus*

(Artigo 4.b da Resolución do 9 de novembro de 2023)

Dende o mes de maio, a Xunta de Galicia fai un seguimento da evolución do *Scaphoideus titanus*, insecto vector da Flavescencia dourada da vide. As ninfas atópanse no seu estado máis avanzado, polo que estamos no momento máis axeitado para **aplicar os tratamentos insecticidas, OBRIGATORIOS na zona demarcada e RECOMENDADOS nas zonas vitícolas lindeiras.**



Figura 1: Ninfas de *Scaphoideus titanus* en estado N4 e N5

Tratamento	Período
1º	17.06.2024 - 24.06.2024 *
2º	15 días despois do 1º tratamento *
3º	1 mes despois do 2º tratamento *

- Os tratamentos realizaranse en función da climatoloxía existente e respectando as indicacións de uso.

Recomendacións dos tratamentos:

- Aplicación dos insecticidas na 1ª hora do día, excepto no caso de empregar piretrinas, que se realizará na última hora do día debido a perda de eficacia ó ser un produto fotosensible.
- Aplicar uniformemente, mollando ben a parte posterior das follas e a parte baixa das cepas, lugar onde se aloxan as ninfas.

Lémbrese a **obriga de anotar os tratamentos** aplicados nos cadernos de explotación, que poderán ser requiridos para a súa comprobación.

Na [páxina web da Consellería](https://mediorural.xunta.gal/es/temas/agricultura/sanidad-vegetal/organismos-nocivos-de-cuarentena) pode consultarse a listaxe das materias activas e formulados autorizados para estes tratamentos fitosanitarios e a listaxe coas parroquias das zonas demarcadas.

<https://mediorural.xunta.gal/es/temas/agricultura/sanidad-vegetal/organismos-nocivos-de-cuarentena>